



GRUPO MUNICIPAL



CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL

12 MAI. 2017

Entrada nº: 2072

Saída nº: .....

M<sup>a</sup> Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a adoptar unha política de prezos conforme as circunstancias económicas de xubilados e pensionistas

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos desexamos chegar a vellez con boa saúde, baixo risco de enfermidade e con excelente estado funcional tanto físico como mental; é dicir, gozar dunha “vellez exitosa”. Agora ben, se a esta engadímolle a consecución dunha actitude positiva ante o propio proceso de envellecemento e unha vinculación e participación social activa, conseguiremos o “envellecemento activo”.

Para iso as administracións impulsan políticas sociais e proxectos interdisciplinares que, polo que a práctica de exercicio físico refírese, impleméntanse mediante programas preventivo-educativos e recreativos, convenientemente liderados e cun seguimento e avaliación pormenorizado, que atenden a todas as persoas maiores, en función das súas necesidades.

Pero este esforzo organizativo ten que ir acompañado dunha serie de medidas económicas que faciliten o acceso dos nosos maiores a estes servizos.

En particular, na Pobra levamos anos oíndo queixas de moitos usuarios da piscina municipal, por canto non existe unha política de prezos adaptada aos xubilados e pensionistas. Na actualidade os prezos da piscina municipal establecen unha cota especial para maiores de 60 anos, independentemente de que se estea xubilado ou non.

Dende o Partido Socialista cremos que estes prezos non deben de ser así e que o Concello debe de tomar medidas e adaptar estes prezos á condición de xubilado e/ou pensionista, xa que se pode dar a circunstancia de que un xubilado non poda ver reducida a súa cota e unha persoa en activo maior de 60 anos si poda beneficiarse.


Igualmente cremos que os prezos de todas as actividades promovidas polo Goberno municipal deberían de contemplar unha política de prezos adaptada ás circunstancias económicas de xubilados e pensionistas.

E por elo, que solicitamos que o Pleno adopte os seguintes

#### **ACORDOS:**

- Que este Concello estableza nas ordenanzas que regulan este tipo de actividades, a adopción dunha política de prezos conforme as circunstancias económicas de xubilados e pensionistas..
- Que mentres non se aproben definitivamente polo Pleno as modificacións oportunas nas ordenanzas, o Goberno estableza, para o caso da piscina municipal, un prezo axeitado as circunstancias dos xubilados.
- Que nos prezos da programación das diferentes actividades que se programan desde o Concello sempre se contemple un prezo reducido para este importante colectivo..

A Pobra do Caramiñal, 10 de Maio de 2017.



Mª Teresa García Guillán

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**